

RALLYE NARÓN



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

HDI
AIG

DEPORTE
GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: XXXII RALLYE CIDADE DE NARÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 14 e 15 de Xuño de 2019

INDICE

TITULO I: PROGRAMA HORARIO

TITULO II: ORGANIZACION

Artigo 1 Organización

TITULO III: MODALIDADES XERAIS

Artigo 2 Puntuabilidade

Artigo 3 Descrición

Artigo 4 Vehículos Admitidos

Artigo 5 Concursantes Admitidos

Artigo 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Artigo 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV: OBLIGACIONES XERAIS

Artigo 8 Publicidade

TITULO V: DESENROLO DA PROBA

Artigo 9 Recoñecementos

Artigo 10 Hora Oficial do Rallye

Artigo 11 Penalizacións

Artigo 12 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I: LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2019 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II: LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III: TERMINOLOXIA

ANEXO IV: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

ANEXO V: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI: ITINERARIO - HORARIO

ANEXO VII: PARQUES PECHADOS, DE TRABALLO E FINAL DE ASISTENCIAS

ANEXO VIII: CARAVANA RALLYES

ANEXO IX: OUVREURS

ANEXO X: SUPER ESPECIAL TCS

ANEXO XI: SISTEMA GPS

I - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	
24/05/19	10:00	Apertura de Inscripcións (Pilotos Inscritos no Campionato)	ESCUDERÍA SIROCO NARÓN Rúa Río Vespasante, 19 - Baixo D Piñeiros - (Narón) 15570, A Coruña Teléfono / Fax: 981 391111	
25/05/19	10:00	Apertura de Inscripcións (Resto de Pilotos)		
06/06/19	20:00	Peche de Inscripcións		
07/06/19	16:00	Publicación do Percorrido		
07/06/19	20:00	Publicación da Lista de Inscritos		
08/06/19 09/06/19 10/06/19	10:00 / 20:00	Recoñecemento dos Treitos Cronometrados (o Road-Book entregarase o propio día que cada equipo teña asignado)	Entrega Road-Book: Café Gaudino's Estrada de Castela, Nº 278 (Narón)	
14/06/19	13:30 / 17:30	Entrega de Documentación	TRS Motorsport Rúa Jesús Fernández Pita, Nº 118 Polígono Ind. Río do Pozo (Narón)	
	13:30 / 14:30	Verificacións Administrativas		Nº 151 a Nº 114
	14:31 / 15:30			Nº 113 a Nº 76
	15:31 / 16:30			Nº 75 a Nº 38
	16:31 / 17:30			Nº 37 a Nº 1
	14:00 / 15:00	Verificacións Técnicas		Nº 151 a Nº 114
	15:01 / 16:00			Nº 113 a Nº 76
	16:01 / 17:00			Nº 75 a Nº 38
	17:01 / 18:00		Nº 37 a Nº 1	
	19:00	Publicación Lista de Autorizados a tomar a saída	Taboleiro Oficial de Avisos	
	19:05	Hora Límite presentación vehículos no Parque de Traballo	Rúa dos Carboeiros Polígono Ind. Río do Pozo (Narón)	
	19:20	Entrega de Carnés de Control 1ª Sección		
	19:35	Saída 1º Participante 1ª Sección (orden decrecente)		
19:50	Treito Cronometrado "S" (saídas en orden decrecente)	Treito Cronometrado S		
20:00	Chegada 1º Participante 1ª Sección (orden decrecente)	Centro Comercial ODEÓN A Gándara (Narón)		
15/06/19	08:00	Saída 1º Participante 2ª Sección		
	08:12	Parque de Traballo 1 (15')	R/ dos Carboeiros - Pol. Río do Pozo	
	09:05	Treito Cronometrado "A-1"	Treito Cronometrado A	
	09:40	Treito Cronometrado "B-1"	Treito Cronometrado B	
	10:15	Treito Cronometrado "C-1"	Treito Cronometrado C	
	11:00	Chegada 1º Participante 2ª Sección - Reagrupamento 1 (30')	Centro Comercial ODEÓN A Gándara (Narón)	
	11:30	Saída 1º Participante 3ª Sección		
	11:42	Parque de Traballo 2 (1 hora)	R/ dos Carboeiros - Pol. Río do Pozo	
	13:20	Treito Cronometrado "A-2"	Treito Cronometrado A	
	13:55	Treito Cronometrado "B-2"	Treito Cronometrado B	
	14:30	Treito Cronometrado "C-2"	Treito Cronometrado C	
	15:15	Chegada 1º Participante 3ª Sección - Reagrupamento 2 (30')	Centro Comercial ODEÓN A Gándara (Narón)	
	15:45	Saída 1º Participante 4ª Sección		
	15:57	Parque de Traballo 3 (1 hora)	R/ dos Carboeiros - Pol. Río do Pozo	
	17:35	Treito Cronometrado "A-3"	Treito Cronometrado A	
	18:10	Treito Cronometrado "B-3"	Treito Cronometrado B	
	18:45	Treito Cronometrado "C-3"	Treito Cronometrado C	
	19:30	Chegada 1º Participante 4ª Sección	Centro Comercial ODEÓN A Gándara (Narón)	
	20:00	Celebración Podio Final		
	20:30	Verificacións Finais de Oficio	Novomóvil BMW (Narón)	
22:15	Publicación de Resultados	Taboleiro Oficial de Avisos		
22:45	Levantamento do Parque Pechado	Centro Comercial ODEÓN A Gándara (Narón)		
23:00	Entrega de Premios e Trofeos			

Hora límite de entrada a Parque de Asistencia: **19:05 do Día 14 de Xuño**

1 Vehículo de Asistencia por Participante como máximo

ESTÁ TERMINANTEMENTE PROHIBIDO FACER MARCAS NO CHAN PARA "RESERVAR" ESPAZOS

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 24 de Maio ás 10:00 horas, ata o día 14 de Xuño ás 13:00 horas estará situado na Secretaría Xeral da Proba, sita en:

ESCUDE RÍA SIROCO NARÓN

Rúa Río Vespasante, 19 - Baixo D

Narón (C.P.15570) - A Coruña

Teléfono: 981 391 111 / 639 888 698 / 630 254 475

Fax: 981 391 111

Dende o día 14 de Xuño ás 13:00 horas, ata as 23:00 horas do día 15 de Xuño, na Oficina Permanente do Rallye, sita nas instalacións de TRS Motorsport e no Parque Pechado, no Centro Comercial ODEÓN (Narón).

II- ORGANIZACIÓN

Artigo 1- Organización

Artigo 1.1- Definición

A **ESCUDE RÍA SIROCO NARÓN** organiza o **32º Rallye Cidade de Narón**, que se desenvolverá dende o día **14** ó día **15** de **Xuño** do ano **2019**.

Este Rallye disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2019, as prescricións comúns para rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día **29 de Abril de 2019**.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA - 013 - RA**.

Artigo 1.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. Antonio Sueiras Durán

VOCAIS D. Bernardo González Carballeira
D. Ramiro Fandiño Vázquez

D. Jesús Fernando Padín Freire
D. Brais Noval Barro

SECRETARIO D. José Ramón Padín Freire

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDE RÍA SIROCO NARÓN

Rúa: **Río Vespasante, 19 - Baixo D** C.P.: **15570** Municipio: **NARÓN** Provincia: **A CORUÑA**

Teléfonos: **981 391 111 / 639 888 698 / 630 254 475** Fax: **981 391 111**

Web: www.rallyenaron.org e-mail: correo@rallyenaron.org

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Antonio Sueiras Durán CD1^a-1539-GA

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Ángel Longueira Carballo DC1^a-0992-GA
D. Bernardo González Carballeira CD-1540-GA
D^a. Almudena Fariña Gato CD-1541-GA

Observador da F.G. de A.:

D. Santiago González Boulosa OBS-0040-GA

Director da Carreira-Oficina:

D. José Ramón Padín Freire DC1^a-1542-GA

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Víctor Varela Tomé JOC1^a-0082-GA
D. Jairo Villaverde Martínez JOC1^a-0132-AS

Xefes de treito:

Equipo A D. Eloy Amado López JDA-1543-GA
Equipo B D. Fernando Rodríguez López JDA-1544-GA
Equipo C D. Melchor López López JDA-0766-GA

Xefes de Seguridade Vial Treitos:

Equipo A D. Bruno González Mauriz DC1^a-1545-GA
Equipo B D. Moisés García Fernández DC1^a-1546-GA
Equipo C D. Ramiro Fandiño Vázquez JDA-0785-GA

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Adolfo Rodríguez Rosales XOB-1547-GA

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Brais Noval Barro CD1^a-1548-GA

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. Antonio Sueiras Durán CD1^a-1539-GA

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello D. Alejandro Padín Rivas CD1^a-1549-GA

Servizo Informático: Escudería Siroco Narón

Servizo de Ambulancias: Ambulancias Nordés

Coordinador Servizos Médicos: Responsable médico coches "R" Team Medical

Centros Asistenciais: Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF)

Hospital Xeral Juan Cardona

SOS Galicia

Servizo de Guindastres:

Talleres ALCA (2 unidades) Treito A

Desguaces Vilabella (2 unidades) Treito B

Desguaces Horacio / Talleres Gonzalo Treito C

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.

III - MODALIDADES XERAIS

Artigo 2 - Puntuabilidade

O **32º Rallye Cidade de Narón** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5). Coef. (8)
- Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para copilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Copa de Galicia de Rallyes para marcas de neumáticos. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- 10ª Copa Top Ten Pirelli-Castrol
- 14º Volante F.G.A. e 3ª Promoción Xoven Piloto de Galicia
- 10ª Copa Pirelli AMF MotorSport
- 5ª Copa Iniciación Recalvi
- 1ª Copa de Galicia Technoshock

E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3 - Descrición

O **32º Rallye Cidade de Narón 2019**, consta dun percorrido total de **347,240 Km**, dos cales **101,500 Km** corresponden a **10** Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **4 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Neutralizacións e Reagrupamentos.

O Rallye terá 3 Parques de Traballo, ademáis do Parque de Traballo de inicio de rallye.

Artigo 4 - Vehículos Admitidos

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia 2019 serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A ata 1600 cc. dacordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo A dacordo ó artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N dacordo ó artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S-2000 dacordo ó artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, dacordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego).
- Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J", do ano 1981 inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.

Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, H, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.

A efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes **AGRUPACIÓNS**:

AGRUP.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 Anexo J 2010 FIA	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2016 FIA	1200	33
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2017 FIA	1175	36
	R5	Art. 261 Anexo J 2017 FIA	1230	32
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A Anexo J 2013 FIA	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A Anexo J 2013	1200	---
	R4	Art. 260 Anexo J FIA	1300	33
	A (da F.G. de A.)	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2017	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/ Ficha Homolog.	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA 2017	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2	
2	R3T	Art. 260D Anexo J FIA	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 (da R.F.E. de A.)	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/ Ficha Homolog.	33
	Gr. A +1.600 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	34
3	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ procedencia
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
4	Históricos + 1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	---
	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 254 Anexo J FIA	980 / 1030	---
	Gr. N -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2017	S/ Regulamento	---
	Gr. X-1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
5	Históricos* -1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	---
	Todos os Grupos -1.000 cc	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---

* Históricos ata o ano 1985 inclusive. Grupo X a partir o ano 1986 inclusive.
A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída dun só vehículo.

Artigo 5 - Concursantes Admitidos

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2019 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6 - Solicitude de Inscripción - Inscripcións

6.1.- IMPORTANTE: Todo equipo que desexe participar no **32º Rallye Cidade de Narón**, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requeridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refúse a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado a correo@rallyenaron.org antes do peche do prazo de inscrición.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 17:30 do día 14 de Xuño de 2019.

6.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **160** vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES85 - 2100 - 1831 - 3002-0011 - 7907** de **LA CAIXA** (Sucursal de **Narón**)

**NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE
UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS**

6.4.- Admitiranse Inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.6.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador do rallye á FGA. O habilitado revisará e reorganizará as mesmas si fose necesario, para axustar as potencias dos vehículos e capacitacións dos pilotos á Lista de Inscritos, real e efectiva.

**NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA
TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 6**

Artigo 7 - Dereitos de Inscrición - Seguros

7.1.- Os Dereitos de Inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **350 €** aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización + **20 €** do aluguer do GPS obrigatorio, ascendendo a inscrición a un total de **370 €**

7.1.2.- **700 €** NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscrición.

7.3.- Os Dereitos de Inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

7.4.- Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

IV - OBRIGACIÓNS XERAIS

Artigo 8 - Publicidade

A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

Obrigatoria

- Nos Dorsais dos Vehículos de Competición: **Comunicarase mediante Complemento**

Facultativa

- Aletas Traseiras: **Comunicarase mediante Complemento**
- Aletas Dianteiras: **Comunicarase mediante Complemento**

V - DESENROLO DA PROBA

Artigo 9 - Recoñecementos

9.1.- Os recoñecementos OFICIAIS dos treitos efectuaranse os días **8, 9 e 10 de Xuño de 2019**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de **TRES** pasadas por Treito Cronometrado..

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con **1 minuto** ou cunha sanción económica de **300 €**, a abonar antes do inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos, con evío da sanción económica á F.G. de A.

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con **“NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”**, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

9.2.3.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario no seu caso.

9.3.- Se unha Escudería fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utilizar o mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

9.4.- Só se poderán efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados en 1 día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 160 participantes nos tres días. Así mesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo.

9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse uns adhesivos transparentes e numerados (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

9.10.- Seguimento e control dos Recoñecementos con GPS:

Os recoñecementos serán controlados polo GPS e tódolos equipos portarán obrigatoriamente un dispositivo GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L, facilitado pola organización, para o control dos recoñecementos, que rexistrará posición, hora e velocidade cada segundo.

Os datos e información rexistrada por estes GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L serán considerados como os DATOS OFICIAIS na proba e consideraranse válidos sendo INAPELABLES.

9.10.1.- O dispositivo GPS recollerase na entrega do libro de Ruta e deberán devolvelo o finalizar os recoñecementos, no lugar e hora estipulada pola organización.

9.10.2.- A empresa provedora, contratada polo organizador, ou o propio organizador, entregará a cada equipo o GPS aceso, conxuntamente cun cargador de chisqueiro (se por autonomía fose necesario) e as instrucións do mesmo. Ademais, fará a montaxe do mesmo se houberse un espazo facilitado polo organizador para iso. En caso contrario dará as explicacións oportunas para a súa montaxe. No suposto que o participante non teña o vehículo de recoñecemento no momento da entrega, este será responsable da súa instalación e perfecto funcionamento.

9.10.3.- Os aparellos receptores de GPS deberán estar fixados (por medio de Velcro) ao parabrisas dianteiro na súa parte interior e poderán ser precintados pola FGA ou polo organizador. **Unha vez fixado ao parabrisas dianteiro, o dispositivo GPS, non se poderá quitar do interior do vehículo ata o final dos recoñecementos, BAIXO PENA DE SANCIÓN segundo o regulamento.**

9.10.4.- É obrigatorio que o GPS estea acendido durante todo o tempo de recoñecementos. En dispositivos con pouca autonomía, é conveniente que o GPS estea conectado constantemente ao chisqueiro do vehículo para garantir que non se apague en ningún momento.

9.10.5.- O equipo será responsable en todo momento do bo funcionamento do GPS durante os recoñecementos. E no caso de que houbera algunha anomalía deberá comunicalo inmediatamente á organización do rallye. De non facelo poderá ser sancionado.

9.10.6.- Os excesos de velocidade: Serán controlados e dase por válida as medicións dos GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L. Os excesos detectados polo sistema GPS serán sancionados polos Comisarios Deportivos de acordo co establecido no Regulamento Particular.

9.10.7.- Serán de aplicación as Penalizacións e Sancións, en virtude do estipulado no Regulamento Particular da proba e Anuario da FGA 2019:

Infracción	Sanción
73.- Infracción ó Código de Circulación: 1ª infracción. (Art. do C.D.I.)	300 Euros
74.- Infracción ó Código de Circulación: 2ª Infracción	5 MINUTOS
75.- Infracción ó Código de Circulación: 3ª Infracción	EXCLUSIÓN
729.- Circular en sentido inverso ó da marcha nun treito cronometrado.	1ª Infracción: 1 minuto, mais unha sanción económica de 300 Euros
754.- Velocidade Máxima Permitida 80Km/h pero sempre dependendo artigo 9.5 do presente Regulamento Particular.	2ª Infracción: "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
754.- Os recoñecementos en rallyes quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito.	3ª Infracción: Traslado ó Tribunal Galego de Apelación
Non levar o GPS dentro do vehículo segundo artigo 9.10.3	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Detectar un GPS apagado durante os recoñecementos do equipo.	
Non entregar o GPS ó finalizar os recoñecementos	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA" mais unha sanción económica de 1.000 Euros a pagar ao Organizador
Entregar en mal estado o GPS	Sanción económica de 1.000 Euros a pagar ao Organizador

9.10.8.- A finalización de cada xornada de recoñecementos, elaborárase un informe das infraccións cometidas, que se lle dará traslado o Colexio de Comisarios Deportivos da proba para que actúen en consecuencia

Artigo 10 - Hora Oficial do Rallye

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida por os Cronómetros da F.G. de A.

Artigo 11 - Penalizacións

As penalizacións son as previstas no Regulamento Tipo Xeral de Rallyes de Asfalto da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2019.

Artigo 12 - Premios

Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ó primeiro de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.800,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.350,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	1.000,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	750,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	600,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	500,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓN (1, 2, 3, 4 e 5)	
1º	250,00 €uros e Trofeo
2º	130,00 €uros e Trofeo
3º	100,00 €uros e Trofeo

TOTAL PREMIOS	
8.400,00 €uros	

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

D. José Ramón Padín Freire, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número DC1º-1542-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Narón, a 29 de Abril de 2019



Director da Proba
D. José Ramón Padín Freire
D.N.I. 32.618.311-X
Lic. DC1ª-1542-GA



Xefe Seguridade Vial
D. Brais Noval Barro
D.N.I.: 32.703.028-H
Lic. CD1ª-1548-GA



Entidade: ESCUDERÍA SIROCO NARÓN
D. Antonio Sueiras Durán (Presidente)
C.I.F.: G-70.325.113
Lic. CD1ª-1539-GA

PROGRAMA-HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1 ^a	14 de Xuño de 2019	15:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: TRS Motorsport - Rúa Jesús Fernández Pita, Nº 118 Polígono Industrial Río do Pozo (Narón)
2 ^a	15 de Xuño de 2019	22:30	

ANEXO I

RALLYES, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM e 4x4 CONCENTRACIONES

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2019 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo, e coa expedida pola F.P.A.K.

2.- A vista de que varias federacións infrinxen a obrigatoriedade de ser titular (piloto) dun permiso de condución como modo de verificar que conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial. Por todo elo a Federación Galega de Automobilismo prohíbe a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou similar doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con o usen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuito de velocidade, circuito de autocross, ou circuito de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houber lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2019, inclusive, para as modalidades de Rallye, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial4x4, Concentracións, Rallyes 2ªCategoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.

5.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2019, inclusive, serán considerados "OPEN", agás a PXP19 Junior.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva / Comisión Delegada da F.G.A" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1.- Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro de 2015.



2.- Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., o día 12/10/2015, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da “Licencia Autonómica Única” polas 17 Federacións Autonómicas. Non serán admitidas a participar, nos Campionatos de Galicia 2019, as “Licencias Autonómicas Exclusivas” expedidas polas Federacións Autonómicas, que se contraponen ó acordó Asembleario da RFEDA, de 12/10/2015, que teñen e fan competencia desleal coas “Licencias Autonómicas Únicas” (únicas legais para participar en probas en Galicia).

3.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2019, sexan considerados “Open”. Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o 12 de Outubro de 2015 no C.S.D.**

4.- O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2018, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros.**

5.- As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6.- Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da “Federación Galega de Automobilismo” 2019, e será comunicado a todas as Federacións de Automobilismo do Estado español.

7.- **Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal** do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, non serán expedidas nin admitidas, nin forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nin poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na “Federación Galega de Automobilismo”.

ANEXO II

LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD - CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (polo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controis de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controis.
- 11.- Os sinais de tráfico reproducidos deberán corresponder ó seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro ou tramado).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída e a chegada deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indicar a velocidade media dos Treitos de Enlace.
 - 2.- Indicar nos Treitos Cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
 - 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
 - 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.
- Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

MODELO DE FOLLA DO ROAD-BOOK

30 RALLYE NARÓN						Distancia	Tempo Ideal	Media
						38,760	49	47,46
						Kms	Minutos	Kms/h
Pág.	SECCIÓN	2	3	de C.H.S.	TC3	TC5		
89	SECTOR	7	11	a C.H.LL.	5A	8A	Récord Treito Cronometrado	
						Este Treito Cronometrado disputase por primeira vez		
DISTANCIA		DIRECCIÓN				INFORMACIÓNS		Distancia Próximo C. H.
TOTAL	PARCIAL							
10,890	0,210							27,870
Kms	Kms	31	0,590	RURAL	43° 56' 47" N - 7° 51' 35" O		Kms	
11,260	0,370							27,500
Kms	Kms	32	0,220	DP-4904	43° 38' 02" N - 7° 52' 46" O		Kms	
11,480	0,220							27,280
Kms	Kms	33	0,000	AC-110	43° 38' 03" N - 7° 52' 52" O		Kms	
11,770	0,290							26,990
Kms	Kms	34		AC-110	43° 38' 24" N - 7° 51' 07" O		Kms	
11,810	0,040							26,950
Kms	Kms	35		DP-2502			Kms	

ANEXO III

TERMINOLOXIA

<u>Sector de enlace</u>	Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.
<u>Sección</u>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none">- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.- entre dous reagrupamentos sucesivos.- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.
<u>Etapa</u>	Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
<u>Neutralización</u>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<u>Reagrupamento</u>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<u>Parque Pechado</u>	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.
<u>Complemento</u>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e datados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante sinatura.
<u>Carné de Control</u>	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
<u>Treito Cronometrado</u>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

ANEXO IV

ENCARGADO/A DAS RELACIONES COS CONCURSANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar aos concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir ás reunións do Colexio de Comisarios Deportivos coa fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concurantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante.
- 2) Ser presentado/a a ós concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENZA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o/a encargado/a das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do Meeting
- A Saída da Proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallye

Función

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisar as dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O/A encargado/a das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO V

SEGURIDADE

1) ORGANIZACION XERAL

a) Plan de Seguridade

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de localización da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade de todos os treitos cronometrados.

b) Xefe de Seguridade Vial

No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servizos de Asistencia

Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 médico (preferentemente reanimador)
- 2 ambulancias equipadas
- 1 equipo de socorristas
- 2 guindastres
- 1 servizo de bombeiros

Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 km:

- 1 médico
- 1 ambulancia equipada
- 1 equipo de socorristas

De acordo co perigo, estes mínimos incrementaranse:

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias e un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas

Sinalización:

As estradas e camiños de acceso aos tramos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención:

Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altofalantes.
- Sempre que sexa posible, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información:

Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altofalantes que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1º vehículo).

c) Vixilancia

Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza o número “0” (Peche dos Treitos) ou “00” (Apertura dos Treitos). Estes vehículos poderán dar toda a información que sexa precisa e si é necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente.

Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 1 Km.), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

d) Evacuación

Debe preverse un itinerario de evacuación para cada tramo cronometrado.

Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE

O Itinerario-Horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades. Tanto o condutor como o copiloto deberán levar:

- roupa ignífuga homologada.
- cinto de seguridade en todo o percorrido da proba.
- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.

ANEXO VI

SECTOR	C.H.	LOCALIZACIÓN	KM. TREITO	KM. ENLACE	KM. TOTAL	TEMPO A INVERTIR	MEDIA (KMS/H)	PASO 1º COCHE
PRIMEIRA SECCIÓN								
1	0	Saída 1ª Etapa / 1ª Sección - Parque de Trabajo						19:35
	1	Control Horario de Llegada TC S		6,470	6,470	0:12	32,35	19:47
2	TC 1	Saída Treito "S"	1,120			0:03		19:50
	2A	Chegada 1ª Etapa - Parque Pechado		0,980	2,100	0:10	12,60	20:00
TOTAIS SECCIÓN 1			1,120	7,450	8,570			
SEGUNDA SECCIÓN								
3	2B	Saída 2ª Etapa / 2ª Sección - Parque Pechado						8:00
	2C	Control Horario de Llegada		7,680	7,680	0:12	38,40	8:12
4	2C	Entrada Parque de Trabajo 1						
	2D	Parque de Trabajo 1				0:15		
5	2D	Saída Parque de Trabajo 1						8:27
	3	Control Horario de Llegada TC A		26,540	26,540	0:35	45,50	9:02
6	TC 2	Saída Treito "A1"	11,380			0:03		9:05
	4	Control Horario de Llegada TC B		11,090	22,470	0:32	42,13	9:37
7	TC 3	Saída Treito "B1"	11,580			0:03		9:40
	5	Control Horario de Llegada TC C		10,650	21,990	0:32	41,23	10:12
8	TC 4	Saída Treito "C1"	10,500			0:03		10:15
	6A	Control Horario de Llegada - Reagrupamento 1		23,470	33,970	0:45	45,29	11:00
		Reagrupamento 1 - Centro Comercial Odeón				0:30		
TOTAIS SECCIÓN 2			33,460	79,430	112,650			
TERCEIRA SECCIÓN								
9	6B	Saída 3ª Sección - Parque Pechado						11:30
	6C	Control Horario de Llegada		7,680	7,680	0:12	38,40	11:42
10	6C	Entrada Parque de Trabajo 2						
	6D	Parque de Trabajo 2				1:00		
11	6D	Saída Parque de Trabajo 2						12:42
	7	Control Horario de Llegada TC A		26,540	26,540	0:35	45,50	13:17
12	TC 5	Saída Treito "A2"	11,380			0:03		13:20
	8	Control Horario de Llegada TC B		11,090	22,470	0:32	42,13	13:52
13	TC 6	Saída Treito "B2"	11,580			0:03		13:55
	9	Control Horario de Llegada TC C		10,650	21,990	0:32	41,23	14:27
14	TC 7	Saída Treito "C2"	10,500			0:03		14:30
	10A	Control Horario de Llegada - Reagrupamento 2		23,470	33,970	0:45	45,29	15:15
		Reagrupamento 2 - Centro Comercial Odeón				0:30		
TOTAIS SECCIÓN 3			33,460	79,430	112,650			
CUARTA SECCIÓN								
15	10B	Saída 4ª Sección - Parque Pechado						15:45
	10C	Control Horario de Llegada		7,680	7,680	0:12	38,40	15:57
16	10C	Entrada Parque de Trabajo 3						
	10D	Parque de Trabajo 3				1:00		
17	10D	Saída Parque de Trabajo 3						16:57
	11	Control Horario de Llegada TC A		26,540	26,540	0:35	45,50	17:32
18	TC 8	Saída Treito "A3"	11,380			0:03		17:35
	12	Control Horario de Llegada TC B		11,090	22,470	0:32	42,13	18:07
19	TC 9	Saída Treito "B3"	11,580			0:03		18:10
	13	Control Horario de Llegada TC C		10,650	21,990	0:32	41,23	18:42
20	TC 10	Saída Treito "C3"	10,500			0:03		18:45
	14	Chegada 2ª Etapa / Final Rallye - Parque Pechado		23,470	33,970	0:45	45,29	19:30
TOTAIS SECCIÓN 4			33,460	79,430	112,650			
TOTAIS RALLYE			101,500	245,740	347,240			Kms Cronometrados = 29,2%

ANEXO VII

PARQUES PECHADOS E DE TRABALLO

- 1.- Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concursante estará obrigado a conducir o/s seu/s vehículo/s.
- 2.- No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que os Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos ou Técnicos.
- 3.- O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.
- 4.- O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán coas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
- 5.- Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.

6. PARQUES DE TRABALLO

6.1.- Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencias nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto.

6.2.- A hora límite de entrada ao P.T. dos vehículos autorizados será polo menos dende as 20:00 horas do venres do comezo do rallye ata unha hora antes da hora teórica de entrada do primeiro participante o P.T.; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.

6.3.- Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que se recomenda que esteña limitado ou controlado o paso do público; tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controis de entrada e saída do parque.

6.4.- Os P.T. deberán estar indicados no Itinerario-Horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancia de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).

6.5.- Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o Parque de Traballo.

6.6.- Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.

6.7.- Nos P.T. deberanse prever obrigatoriamente servizos de WC e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos. Así mesmo serán válidos os servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos ó P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.

6.8.- Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:

a) o número de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 2 e un máximo 3.

b) serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 15 minutos antes do 1º treito cronometrado, e o resto terán unha duración de 20 minutos, agás o programado inmediatamente despois do reagrupamento longo do mediodía que terá unha duración de 40 minutos. Despois do último treito cronometrado terá unha duración de 10 minutos antes do control horario de fin da proba.

Os neumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, agás do parque de asistencia de chegada do rallye.

c) o emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.

d) entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superar os 150 km. de percorrido total.

6.9.- A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada, quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de exclusión da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.

6.10.- O espazo para asistencia por participante é a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.

6.11.- O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de Promoción a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.

6.12.- Recoméndase ó Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para elo os equipos deberán indicar se comparten asistencia e deberá ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

6.13.- Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas á súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

6.14.- Vehículos admitidos nun Parque de Traballo:

a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de "Asistencia" entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. Recoméndase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes.

Se varios equipos comparten asistencia entregarase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.

b) Será de obrigatorio cumprimento, a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, responsable, etc. A notificación á organización será prevista na folla de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non esteña identificado.

c) Durante o desenrolo da proba, non poderán entrar nin saír do P.T. estes vehículos, soamente poderán entrar e saír se o organizador preveu un acceso independente para as asistencias, ou no paro do mediodía -a entrada dun vehículo e asistencia no P.T. tendo saído con anterioridade, no transcurso da proba (agás no parón do mediodía), poderá levar consigo a non autorización da entrada de novo P.T. da mesma maneira, tomarase nota de cada vehículo non inscrito que permaneza no PT-. Quedará completamente prohibida a entrada de calquera vehículo que non sexan os participantes dentro do tempo de parque de asistencia.

d) A F.G.A. terá dereito a un máximo de DOUS vehículos para actuar no P.T. sempre que este convocada polo menos unha Copa de Promoción para dar servizo ós equipos inscritos nestas copas.

Deberase prever un espazo de 10 x 10 metros para montar unha oficina de atención os equipos inscritos nas citadas Copas de promoción.

e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concursante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 euros por placa.

7.- REPOSTAXES (Refuelling)

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

7.1.- No parque de traballo no momento do repostaxe deberanse cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.

- Repostar o vehículo co motor parado.

- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.

-Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade ou bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradeiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante no bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante toda a operación.

7.2.- Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.

- A repostaxe terase que realizar sen axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

8.- NEUMÁTICOS

8.1.- Os neumáticos a empregar deben estar de acordo coa regulamentación F.I.A. para rallyes, estando autorizados os neumáticos "slicks raiados" e os neumáticos con "NO+PINCHAZOS". Os vehículos de categoría GT autorízaselles a montaxe de neumáticos raiados polo fabricante, ou polo distribuidor autorizado.

8.2.- Están autorizados un máximo de 5 neumáticos por vehículo entre Parques de Traballo.

8.3.- Na saída dun P.T. marcaranse tódolos neumáticos colocados no vehículo (incluso o de repostado). Na chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os neumáticos marcados no P.T. anterior.

8.4.- Para facilitar a marcaxe dos neumáticos, deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, (ver croques explicativo de montaxe Nº1). Coa única finalidade de axudar no procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario-Horario da proba.

8.5.- O tallado dos neumáticos está autorizado exclusivamente nos P.T.

8.6.- Os cambios de neumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realizalos cos medios de a bordo pero respetando sempre o disposto no apartado 8.2.

8.7.- Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, os neumáticos a utilizar son libres (respetando o resto de normativa do presente artigo). Só nos casos onde non se dispute ningún treito cronometrado tras este mencionado P.T.

8.8.- Está autorizado o uso de quentadores de neumáticos, soamente dentro dos P.T.

8.9.- Nas Copas de promoción, o modelo e número total de neumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

8.10.- O procedemento da marcaxe das rodas:

- Marcaranse as lamias coas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA.
- Poderase marcar os neumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- Recoméndase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.




8.11.- Se na saída dun P.T. se atopase un neumático non conforme, este deberase substituír por outro. O neumático non conforme considerarase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.


8.12.- O control da marcaxe dos neumáticos realizarase entre o Control Horario precedente ó Treito Cronometrado e a saída dito Treito, (ver croques explicativo de montaxe Nº2), e tamén nos C.H. de entrada ós P.T. poderase realizar una comprobación da marcaxe.

8.13.- Toda infracción concernente á normativa dos neumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.

ZONA DE MARCAXE



CONTROL DE MARCAXE



9.- AMPLIACIÓN NORMATIVA

A Comisión Executiva da “Federación Galega de Automobilismo” amplía o artigo 12, das prescricións común do anuario 2019 e vindeiros, obrigando a unir o Parque Pechado co Parque de Traballo, sendo este aberto durante toda a celebración do rallye, e así facilitar as reparacións oportunas que necesiten tódolos equipos participantes o que redundará nunha maior finalización dos equipos nas probas.

- a) Obrígase a unificar os Parques Pechados cos Parques de Traballo.
- b) Os controis horarios, de chegada e de saída, estarán situados antes e despois do novo parque (traballo-pechado).
- c) Os vehículos participantes serán custodiados polas súas asistencias correspondentes, nos lugares designados no parque pola organización (lugar e metros cadrados), así como polos comisarios de parque, debidamente licenciados, designados pola organización do rallye.
- d) As asistencias comunicaráselle, en complementos ao efecto, as horas útiles de traballo e as horas de parque pechado nas que non se pode arranxar nin tocar o vehículo, so pena de EXCLUSIÓN.
- e) A implantación conleva un “hospitality”, barras complementarias de servizo, e escenario de concertos para música indie, rock, e acto de entrega de premios.
- f) Os siareiros poderán andar polo novo parque, coas limitacións das lonas das asistencias, ca pertinente precaución e sen entorpecer o transcurso do rallye, e intercambiar opinión cos equipos participantes, solicitarlles sinaturas en fotografías que terá cada equipo, cos seus sponsors nas cartulinas que os equipos disporán ó efecto.
- g) O xefe de parque e os comisarios velarán polo cumprimento estricto dos complementos, publicados polo colexio de Comisarios Deportivos, no eido dos tempos de asistencias permitidas e tempos de Parque Pechado-Parque de Traballo.

ANEXO VIII

CARAVANA RALLYES

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 60 minutos antes da saída do número 1.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0": Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá ó mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e ó chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00": Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos / Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, emitirse unha acta-informe que será entregada polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓNS

7.54.- Os adestramentos / recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de 1' ou sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

- a) Redúcense os adestramentos / recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.
- b) A primeira infracción será a de engadir unha multa de 300 €uros ou unha penalización de 1 minuto ó inicio da proba (Rallye/Montaña).
- c) A segunda infracción será "non admitido a tomar a saída" no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.
- d) Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.
- e) Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utilizar o treito por outra entidade organizadora.
- f) Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye / Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 160 participantes nos tres días.
- g) A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no treito.
- h) Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar-las medidas federativas que no seu caso procedan.
- i) Os organizadores designarán un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.
- j) A Federación designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.
- q) Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.

ANEXO IX

OUVREURS

- 1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:
 - A.- Escrito, solicitude.
 - B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
 - C.- Licenza de piloto, do conductor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
 - D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- 2.- Os vehículos dos “ouvreur” teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do conductor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademáis dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.
- 3.- A inscrición por vehículo “ouvreur” ascende a 300 €.
- 4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.
- 5.- Ningunha inscrición, de vehículo “ouvreur” será aceptada polo organizador sen incluíla fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.
- 6.- Cada “ouvreur” deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.
- 7.- Os vehículos “ouvreur” portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números reflectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo. A maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto “OUVREUR A N°”...
- 8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.
- 9.- A entrada dos vehículos “ouvreur” nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º “ouvreur” 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante.
- 10.- Os vehículos “ouvreur” circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pé.
- 11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.
- 12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos “0” da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcar nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo “00 - escoba” que abra de novo a circulación.
- 13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o “ouvreur”, a súa placa de “ouvreur” queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.
- 14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos conductores dos vehículos “ouvreur”, entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.

ANEXO X

SUPER ESPECIAL TC1

- 1.- A Super Especial (TC-1), só podera ser recoñecida a pé ou bicicleta desde as 13:30 ata as 18:30 h do día 14 de Xuño de 2019. Entregarase un croquis detallado incluíndo chicanes, xiros, etc, de forma detallada.
- 2.- A saída darase de minuto en minuto, en orden decrecente de dorsais.
- 3.- Os equipos que non finalicen a Super Especial (TC-1) ou os percorridos previo e posterior a este treito e abandonen por tanto a etapa, **TERÁN QUE SOLICITAR POR ESCRITO**, ó Colexio de Comisarios Deportivos, a aceptación de reparación e posibilidade de retomar a competición na seguinte etapa. Para confeccionar a súa clasificación, outorgaráselles un tempo dos seis peores clasificados (a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos). Asimesmo permitiráselle reparar, e entrar no Parque Pechado 30 minutos antes do comezo da seguinte etapa, sen ningún tipo de penalización engadida.
- 4.- Si un equipo finaliza a etapa con algunha avaría, **PODERÁ SOLICITAR PERMISO PARA RETIRAR** o vehículo do Parque Pechado e realizar as reparacións. Deberá facelo por escrito aos Comisarios Deportivos e en caso de que se lle conceda dito permiso conlevará unha penalización de 30 segundos. Do mesmo xeito que para o punto anterior, terá que entrar no Parque Pechado 30 minutos antes do comezo da seguinte etapa, sen ningún tipo de penalización engadida.
- 5.- Si un vehículo participante comete un erro no percorrido atribuiráselle unha penalización de 30 segundos. Desprazar os pontons, conos ou calquera outro elemento que delimite o percorrido estará penalizado con 10 segundos por cada falta cometida.

ANEXO XI

SISTEMA GPS DURANTE O TRANSCURSO DA PROBA

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS das empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L., o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións Técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar a Organización ós equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas. Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

1.- Funcionamento:

- 1.1. O sistema deberá ter pulsador SOS.
- 1.2. O pulsador SOS, deberase usar UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- 1.3. Deberase manter pulsado (segundo se indique nas instrucións) no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- 1.4. Ao apertar o pulsador, deberase activar automaticamente unha conexión por voz coa Dirección de Carreira.
- 1.5. En caso de ter que abandonar o vehículo con urxencia (por exemplo: incendio ou envorco) o GPS poderá ser extraído do vehículo e deberá poderse utilizar como un teléfono móbil.
- 1.6. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle.
- 1.7. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- 1.8. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

2.- Bandeira amarela electrónica:

- 2.1. Nesta Proba Puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados co sistema de bandeira amarela electrónica.
- 2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- 2.3. Unicamente poderase activar / desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.
- 2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira amarela, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.
- 2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo do Regulamento Particular:

“Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do tramo cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa.”

Non respectar esta regra comportará unha penalización a criterio dos Comisarios Deportivos

3.- Entrega devolución do aparello GPS:

- 3.1. A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ao finalizar a proba, ao persoal das Empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L. ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- 3.2. En caso de abandono na proba por avaria ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- 3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
- 3.4. concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo fágao en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 €uros a pagar ao Organizador.

Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia:



SOS


 +  3 seg.

Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.



OK ?

Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.

 Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.

 +  3 seg. Solicitud de SOS.



Precaución

 3 seg.

Vehículo parado.

 *Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.*



Bandera Amarilla (Yellow Flag)

Participante neutralizado.

 *Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.*



 Pulsar botón ESC para confirmar bandera electrónica.



Modelo Spica II

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.

 = 



Modelo Stella III

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:

SOS  +  3 seg.